



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

M^a Jesús Losada Rodríguez
Cándido Pérez Betanzos
Federico Fernández Fernández
Carlos Mollinedo Lois
Antón García Fernández

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Carmen Serra Rodríguez
Aser Fernández Rey
Manuel Velasco Graña

U.G.T.

José Andrés Zapirain (**DS**)

DELEGAN VOTO

Rodrigo Alberte Pivida.

AUSENTES C.I.

Juan José Fernández Pérez
Arturo Casar Sarasola

ASISTENTES CC.EE.

Concepción García Lozano
Marisa Magaz Ledo

***DS-** Delegado Sindical

Reunidos no 4º andar do Edificio de Ferro do Campus de Ourense o día 2 de marzo de 2004, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións e das reunións mantidas polos distintos membros.
4. Negociación coa Xerencia.
5. Convocatorias oposicións: T.S. de Teledetección, T. S. Servicios Xerais de Investigación, T. E. Microscopía.
6. Selección OFOE. Situación actual
7. Comité de Saúde Laboral.
8. RPT ano 2004.
9. Cursos de formación para o persoal da tarde.
10. Problemas de distribución de paquetes nas bibliotecas do Campus de Lagoas-Marcosende.
11. Rescisión de contratos en períodos de prácticas.
12. Gastos da Universidade en indemnizacións, honorarios avogados e costas de xuízos. Partida orzamentaria da que saen estes pagos.
13. Rogos e Preguntas.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Ó enviar con antelación a acta da sesión anterior a tódolos/as presentes non se lle da lectura. A Acta é aprobada tras suxerir, algún dos presentes, pequenos cambios de redacción que non afectan o contido do documento.

2. Informe do Presidente.

Antes de pasar ó informe o Presidente comunica as delegacións de votos existentes para a presente reunión que neste caso é a debidamente enviada por Rodrigo Alberte Pivida, documento que quedará anexo a esta acta. A continuación da conta dos seguintes asuntos:

- Das contratacións temporais, prórrogas e mobilidade.
- Da execución dos acordos
 - o Escrito solicitando unha entrevista ao Vicerreitor de Relacións Institucionais para pedirlle explicacións polo proceso de selección, aínda inconcluso, da OFOE.
 - o Escrito aos responsables de áreas e servicios, por recomendación do xerente, solicitando información sobre as necesidades de persoal.
 - o Escrito solicitando as memorias que xustifican as contratacións do II Programa Labora.



- Solicitud de información relativa a absentismo, accidentes de traballo, horas extras, etc...
- Resolución Xerencial concedendo un día no Entroido.
- Proposta sobre modificación da normativa dos anticipos reintegrables.
- Selección de persoal temporal. Modificacións de normas.
- Convocatoria provisión temporal dunha praza de T.E. laboratorio de física.
- Sentencias correspondentes ao período.
- Da reunión mantida con Marta Teijeira participante no programa Isidro Parga Pondal.
- Reunións coa xerencia.
 - o Da mantida o día 6 de febreiro e a acta correspondente.
 - o Da mantida o 18 de febreiro e a acta correspondente.
 - o Da mantida o 25 de febreiro e a acta correspondente.
 - o Da proposta feita polo xerente aos TESSXX.

Tras o informe e con respecto a provisión temporal dunha praza se T. E. de laboratorio de física, decídese delegar nos representantes sindicais o nomeamento da persoa que en representación do CI formará parte da Comisión de Selección. En todo caso, apúntase a algún delegado/a de Ourense ao ser este o Campus onde se vai facer dita selección.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións e das reunións mantidas polos distintos membros.

- Victoria Alonso comenta que o día 3 está convocada unha reunión da Comisión de Acción Social para tratar, entre outros asuntos, a Convocatoria de Acción Social de 2003 e as solicitudes de anticipos reintegrables. Con respecto aos anticipos insiste, tal e como fixera en anteriores ocasións, que a cantidade de 30.000 € destinada a este fin non chegan para cubrir tódalas demandas. Así mesmo, informa que se segue o mesmo ritmo de peticións os cartos vanse a esgotar antes de que acabe o ano polo que propón que se faga un reparto cuatrimestral.
- Cándido Pérez informa da reunión que mantivo o Comité de Saúde Laboral. Dita reunión non tivo carácter formal ao non ser convocada debidamente (a UGT presentou un escrito neste sentido). Tamén achega un documento no que a universidade cifra e divide o persoal por colectivos. O número de efectivos do persoal laboral no coincide cos datos que ten o CI polo que se lle solicita á xerencia un novo censo pois no caso de superar os cincocentos traballadores nos corresponderían 4 delegados (actualmente temos dous o terceiro sería para a UGT e o cuarto, no caso de acadalo para a CIG). Malia o seu carácter informal, fálase tamén da necesidade de elaborar un regulamento de réxime interno. Zapirarin, sobre este asunto, comenta que de UGT non é preciso nomear ningún delegado, pois o non ser cesado o actual polo Comité Intercentros segue en vigor a súa designación.

4. Negociación coa Xerencia.

O Presidente da conta das reunións mantidas coa xerencia neste período e das actas que se achegaron coa convocatoria. Cándido fíxolle



modificacións o documento sobre complementos presentado pola xerencia, acordase tomar dito documento como proposta do CI. Tras discutir sobre algunha das cuestións que aparecen nesta proposta acordase adiar a discusión para outro momento.

5. Convocatorias oposicións: T.S. de Teledetección, T. S. Servicios Xerais de Investigación, T. E. Microscopía.

O Presidente comenta algunhas modificacións feitas nas convocatorias e insta a que se fagan propostas para cubrir os distintos tribunais.

6. Selección OFOE. Situación actual

Unha vez máis trátase no Pleno do CI este asunto. O Secretario da lectura ao escrito con rexistro de entrada UVIGO 1101 N°200400002224 de 19 de febreiro no que se solicita información sobre a relación contractual que manteñen, a día de hoxe, as traballadoras que desenvolveron funcións de orientadoras na OFOE ata o 31 de marzo de 2004. Tamén se lle solicita á xerencia datos das persoas que traballan nos programas EQUAL e EUREX Transfronterizo. Así mesmo, da lectura o escrito de resposta da xerencia con rexistro UVIGO 1101 N°200400004536 de data 3 de marzo de 2004, en dito documento o xerente informa que tódalas traballadoras finalizaron a súa relación contractual con data 31 de marzo de 2003. Con respecto aos programas informa que o persoal contratado con cargo o Programa "Iniciativa Comunitaria Equal-Proxecto Stella é o seguinte: Salvador González Montero e Patricia Meijide Vecino. Carmen Serra informa tamén de que de momento non hai contestación os escritos que enviou solicitando o informe xurídico e a reunión da Comisión de Selección. Tras expresar outros membros do CI distintas opinións acórdase procurar asesoría xurídica para ver a posibilidade de emprender accións legais contra a universidade, se fora así, se faría un relatorio dos feitos e se lle enviaría o xerente como anuncio de demanda previa.

7. Comité de Saúde Laboral.

No punto 3 dáse conta das novidades que hai respecto a este asunto.

8. RPT ano 2004.

O Presidente informa que, tal e como recomendou o xerente, envióselle carta a tódolos responsables de áreas e servicios para que remitiran ao CI as súas necesidades de persoal.

9. Cursos de formación para o persoal de tarde.

Aser informa dun escrito asinado pola maioría do persoal que traballa na quenda de tarde no que solicitan aos órganos diseñados para garantir a formación que contemplan sistematicamente a tódolos traballadores e traballadoras sen discriminación de quenda algunha. Manifesta tamén a necesidade de solicitar unha reunión da Comisión de Formación e insiste na necesidade de obrigar á empresa a que habilite os medios necesarios para que o persoal que traballa de tarde poida acceder en igualdade de condicións á formación.

10. Problemas de distribución de paquetes nas bibliotecas do Campus de Lagoas-Marcosende e outras consultas de persoal.

Ao non poder asistir Marcos, delegado de CC OO, o asunto da distribución de paquetes adíase a seguinte reunión. Cándido comenta unha consulta feita por unha traballadora sobre a quen corresponde



cubrir os impresos de acuse de recibo, a este respecto o Pleno do CI entende que os impresos de acuse de recibo, certificacións etc. Deben cubrilas quen remita a correspondencia non sendo esta, polo tanto, unha función específica do persoal de conserxería. Tamén neste punto, dáse a coñecer a carta enviada por Benito Gregorio na que solicita que se lle concrete se é función súa o manexo da barreira instalada nos accesos o novo rectorado e que da paso tamén a zona comercial de Cidade Universitaria S.A. Tras distintas intervencións de membros do CI para dar o seu parecer acórdase facer un escrito no que lle suxire ao traballador conceder un prazo de tres meses para observar durante máis tempo a incidencia desta nova funcións no traballo global da conserxería. Tamén se lle informará que na outra entrada da zona comercial (a carón da F. CC. EE. EE.) tamén existe outra barreira atendida polo persoal de conserxería da facultade citada. Victoria Alonso aproveita a ocasión para comentar o problema que se da na Facultade de Ciencias de Vigo con respecto a quen corresponde levar os paquetes que a nome da Biblioteca da Facultade de Ciencias chegan á conserxería.

11. Gastos da Universidade en indemnizacións, honorarios avogados e costas de xuízos. Partida orzamentaria da que saen estes pagos.

É opinión compartida pola maioría de membros do CI que a Universidade está recorrendo abusivamente a vía xudicial para resolver asuntos que, noutros momentos e circunstancia se resolvían nas Mesas de Negociación é por iso polo que o Pleno do CI acorda solicitar os gastos da Universidade en indemnizacións, honorarios avogados e costas de xuízos sinalando a partida orzamentaria a que se imputan.

12. Rogos e preguntas.

Mollinedo informa que algúns centros están asinando contratos de mantemento que poden entrar en colisión coas funcións do persoal de servizos xerais (ATXS, TESX). En concreto refírese aos contratos asinados entre centros da Universidade e empresas de mantemento de control de instalacións eléctricas para realizar as revisións das mesmas.

Acordos:

- Solicitar asesoría xurídica sobre o realizado ata o de agora na selección de persoal da OFOE e facer, se procede, un relatorio dos feitos para enviar ao xerente como anuncio de demanda previa.
- Delegar nos representantes sindicais o nomeamento do delegado/a que representará ao CI na Comisión de Selección dun T. E. de laboratorio de física.
- Contestar ao escrito enviado por Benito Gregorio.
- Solicitar á empresa gastos realizados en indemnizacións, honorarios avogados e costas de xuízos detallando a partida orzamentaria da que saen.



**Comité Intercentros
da Universidade de Vigo**

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)